



### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR, E MOCIDADE

RELACIÓN DE SUBVENCIÓNS DIRECTAS NOMINATIVAS TRAMITADAS POLA ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR, E MOCIDADE, DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, NO PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO 2022

De acordo co establecido no artigo 8.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), a xestión das subvencións realizarase, entre outros, de acordo cos principios de publicidade e transparencia.

En cumprimento do establecido no artigo 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS, e no artigo 11.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (publicada no BOP nº 82, do 13 de abril de 2021), dáse publicidade ás subvencións directas nominativas tramitadas pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, da Deputación Provincial de Lugo, no primeiro trimestre do ano 2022:

ENTIDADE BENEFICIARIA	NIF	TIPO SUBV.	OBXECTO	ÓRGANO CONCEDINTE	DATA RESOLUCIÓN	IMPORTE	APLIC. ORZAM.
Asoc. de criadores/as de ovino e caprino de Galicia	G15476286	Nominativa	Actividades	Presidencia	28/03/2022	10.000,00 €	4190.48900
Asociación cultural deportiva "As Minas"	G27374446	Nominativa	Organización Festival das Minas 2022	Presidencia	25/02/2022	5.000,00 €	3342.48900
Asociación cultural e deportiva Bola Meiga	G27501881	Nominativa	Organización Máster Fútbolín Rábade 2022	Presidencia	25/02/2022	1.500,00 €	3342.48900

Lugo, 6 de abril de 2022.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto do 15 de outubro de 2019, A DEPUTADA DELEGADA DA ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR, E MOCIDADE, Mónica Freire Rancaño.

R. 0812

### SERVIZO DE RRHH E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

#### Anuncio

**ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO 8 DE ABRIL DE 2022, POLO QUE SE RESOLVE DE FORMA DEFINITIVA O PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA PROVER TRES (3) PRAZAS DE TÉCNICO/A SUPERIOR INFORMÁTICO/A, ENCADRADAS NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TÉCNICOS/AS AUXILIARES, GRUPO B, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, CORRESPONDENTES ÁS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO DOS ANOS 2017 E 2019.**

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o día 8 de abril de 2022, adoptou entre outros o seguinte acordo, que se reproduce de xeito literal:

*"Celebrado o procedemento selectivo para prover tres prazas de Técnico/a Superior Informático escala administración especial, subescala técnica, técnica auxiliares, grupo B, do cadro de persoal funcionario, correspondentes a Oferta de Emprego 2017 e 2019, cuxas bases fixéronse públicas no Boletín Oficial da Provincia número 101, de 6 de maio de 2021; Vista a proposta do Tribunal Cualificador, Visto que os aspirantes presentaron dentro do prazo a documentación a que se refire o punto 10.1 das Bases Xerais que rexen a convocatoria, cumprindo polo tanto os requisitos esixidos na base xeral 4 e base específica 5.1, esta Presidencia, atendendo a proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 11.1 das Bases Xerais, propón a Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedementos selectivo nomeando a:*

**Don Ismael Ramos Pérez, para ocupar a praza 790, denominada Técnico/a Superior Informático (FP), escala administración especial, subescala técnica, técnicos auxiliares, Grupo B, do cadro de persoal funcionario, correspondente a Oferta de Emprego 2017 e o posto de traballo homónimo número 1185 (Nivel Entrada).**

**Don José Antonio Castro Begide, para ocupar a praza/posto 851, denominada Técnico/a Superior Informático (FP), escala administración especial, subescala técnica, técnicos auxiliares, Grupo B, do cadro de persoal funcionario, correspondente a Oferta de Emprego 2019 e o posto de traballo homónimo número 1335 (Nivel Entrada).**

**Don Víctor Manuel Sánchez López, para ocupar a praza/posto 852, denominada Técnico/a Superior Informático (FP), escala administración especial, subescala técnica, técnicos auxiliares, Grupo B, do cadro de persoal funcionario, correspondente a Oferta de Emprego 2019 e o posto de traballo homónimo número 1336 (Nivel Entrada).**

*A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita."*

O acordo faise público para cumprimento do punto 11.2 das Bases Xerais que rexen a convocatoria.

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do presente acordo no BOP ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Lugo, 11 de abril de 2022.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0863

## CONCELLOS

### CERVO

#### Anuncio

**CONVOCATORIA PARA O PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (INTERINIDADE), DE UN (1) TRABALLADOR SOCIAL PARA O DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE CERVO.**

De conformidade co decreto de Alcaldía número 2022-0157 de data 10 de marzo de 2022, faise pública a convocatoria para o proceso de selección para a contratación de persoal laboral temporal (interinidade), de un (1) traballador social para o Departamento de Servizos Sociais do Concello de Cervo.

A convocatoria e as bases aprobadas están a disposición dos interesados no Rexistro Xeral do Concello de Cervo e na súa páxina web [www.concellodecervo.com](http://www.concellodecervo.com)

O prazo de presentación de solicitudes será de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Cervo, 8 de abril de 2022.- O alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 0852

#### Anuncio

Elevado automaticamente a definitivo o acordo do Pleno do Concello de Cervo (Lugo) de data 16 de marzo de 2022, aprobando inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2/2022, vía crédito extraordinario núm. 1/2022, dentro do vixente Presuposto Municipal, por non presentarse reclamacións contra os mesmos, de acordo co preceptuado no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público o resume por Capítulos do Estado de Gastos e Ingresos unha vez incorporada a devandita modificación:

Cap. Ingr.	Denominación	Consignación anterior	Modificación previsionos	Consignación definitiva
1	Impostos directos	2.658.768,99	0,00	2.658.768,99
2	Impostos indirectos	14.791,24	0,00	14.791,24

3	Taxas e outros ingresos	2.219.392,44	0,00	2.219.392,44
4	Transferencias corrientes	1.532.175,30	0,00	1.532.175,30
5	Ingresos patrimoniais	4.906,20	0,00	4.906,20
6	Alleamento invest. reais	0,00	0,00	0,00
7	Transferencias de capital	359.980,43	0,00	359.980,43
8	Activos financieros	728.249,48	925.552,47	1.651.801,95
9	Pasivos financieros	0,00	0,00	0,00
	TOTAL	7.518.264,08	925.552,47	8.443.816,55

Cap. Gtos	Denominación	Consignación anterior	Modificación previsiones	Consignación definitiva
1	Gastos de personal	3.118.945,40	0,00	3.511.008,96
2	Gastos bens crtes e servizos	2.166.421,68	0,00	2.174.905,43
3	Gastos financieros	7.000,00	0,00	7.000,00
4	Transferencias corrientes	345.100,00	0,00	379.100,00
5	Fondo de continxencia	0,00	0,00	0,00
6	Investimentos reais	1.545.518,13	925.552,47	2.471.070,60
7	Transferencias capital	0,00	0,00	0,00
8	Activos financieros	0,00	0,00	0,00
9	Pasivos financieros	221.706,79	0,00	221.706,79
	TOTAL	7.404.692,00	925.552,47	8.330.244,47

Cervo, 8 de abril de 2022. O alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 0856

## GUITIRIZ

### Anuncio

#### Convocatoria para a selección de persoal funcionario interino ao amparo do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022. Expte.293/2022.

Por acordo de alcaldía de data 06/04/2022 aprobáronse as bases para selección de un arquitecto en réxime de funcionario interino no marco do Plan Único de Cooperación cos Concellos no ano 2022, mediante o sistema de concurso-oposición

<<BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL TEMPORAL ( CONTRATO PARA A MELLORA DA OCUPABILIDADE E A INSERCIÓN LABORAL) AO AMPARO DO PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2022 DO PLAN UNICO DE COOPERACION COS CONCELLOS DA DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO.

#### 1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

A presente convocatoria ten por obxecto a selección, mediante o sistema de concurso-oposición, de persoal funcionario interino para o seguinte posto de traballo no marco do programa "FOMENTO DO EMPREGO 2022" financiado pola Deputación Provincial de Lugo ao amparo do PLAN UNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2022, (Bop de Lugo, nº 6 do 10.01.2022) dentro do programa B.3 - Programa de Fomento de Emprego, destinado á contratación ou nomeamento de persoal para a execución de obras e servizos mínimos obrigatorios de competencia municipal, de interese xeral e social, polo que os aspirantes deberán ser desempregados:

- 1 arquitecto/a como funcionario/a interino/a para execución de acumulación de tarefas, relacionado coa axenda urbana e plan de mobilidade, programas de impulso á rehabilitación de edificios públicos (PIREP), obras de rehabilitación de eficiencia enerxética en edificios, etc, así como apoio a urbanismo e infraestruturas conforme ao artigo 10.1d) do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RDL 5/2015, do 30 de outubro (TREBEP); e o artigo 23.2 d) da Lei 2/2015, do 29 de

abril, de Emprego Público de Galicia, cunha duración de 9 meses, sen exceder a data límite de execución do programa. O nomeamento interino será a xornada completa para apoio nos departamentos de urbanismo e infraestruturas.

A presente convocatoria e bases da será obxecto de publicación no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios, na páxina web do Concello de Guitiriz, na sede electrónica do Concello de Guitiriz ([guitiriz.sedelectronica.gal](http://guitiriz.sedelectronica.gal)), e na páxina web da Deputación Provincial de Lugo. O resto de actos do proceso selectivo que deban ser obxecto de publicidade serán publicados no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web do Concello de Guitiriz, e na sede electrónica do Concello ([guitiriz.sedelectronica.gal](http://guitiriz.sedelectronica.gal)).

A presente contratación e nomeamento interino están financiadas ao cento por cento pola subvención concedida polo Plan Único de Cooperación cos Concellos da Deputación Provincial de Lugo e o para a execución de obras, servizos e emprego ao abeiro do programa FOMENTO DO EMPREGO 2022. A contía das retribucións e cotas da Seguridade Social serán imputables ás partidas do orzamento corrente de gastos do Concello de Guitiriz.

## 2ª.- POSTOS DE TRABALLO E COMETIDOS FUNCIONAIS.

Os cometidos funcionais de cada posto de traballo convocado son os seguintes:

### 1 arquitecto a xornada completa:

Programa de axenda urbana e plans de mobilidade, programas de impulso á rehabilitación de edificios públicos (PIREP), obras de rehabilitación de eficiencia enerxética en edificios apoio a urbanismo e infraestruturas.

As funcións son as sinaladas no artigo 167.3 e .170 e 171 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, como auxilio, trámite e colaboración en tarefas administrativas da unidade á que está adscrito o posto de traballo.

## 3ª.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para formar parte nas probas de selección, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 56 do TREBEP:

- **Idade:** Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- **Nacionalidade:** a) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 da texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- **Capacidade:** Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións. As persoas con minusvalías deberán aportar certificación do correspondente organismo, facendo constar asemade na instancia, sinalando si precisan adaptacións para realización das probas e especificando tales adaptacións.
- **Habilitación:** Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin encontrarse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao empregado público.
- **Titulación:** Título universitario en Arquitectura ( título universitario oficial de Arquitecto ou título de Grao Universitario en Arquitectura máis o Máster habilitante para o exercicio da profesión de arquitecto) ou titulación equivalente segundo a normativa estatal vixente en materia de homologación de títulos universitarios
- **Requisito específico:** Ser desempleado/a ou estar en situación de mellora de emprego (requisito específico esixido polo programa de fomento do emprego da Deputación de Lugo que financia as contratacións). Esta situación deberá acreditarse mediante declaración xurada do aspirante e aportando vida laboral actualizada á data de presentación de solicitudes. Dita situación de desempleado/a deberá manterse ata o momento da sinatura do contrato laboral ou nomeamento interino.

## 4ª.- INSTANCIAS.

4.1.- Quen desexe formar parte no proceso selectivo deberá presentar solicitude no modelo oficial a disposición das persoas interesadas nas dependencias administrativas do Concello de Guitiriz e na paxina web do Concello de Guitiriz ([www.concellodeguitiriz.com](http://www.concellodeguitiriz.com)), dirixidas á Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Guitiriz, ou a través dos restantes medios admitidos legalmente. O Concello de Guitiriz reservase a posibilidade de facer oferta ao servizo público de emprego.

4.2.- Para ser admitido á oposición as persoas aspirantes manifestarán na súa solicitude de participación que reúnen todas as condicións esixidas na Base 3ª, referidas á data de expiración do prazo de presentación de instancias. A autoridade convocante, por si ou a proposta do Tribunal, deberá dar conta aos órganos

competentes das inexactitudes ou falsedades en que puidesen incorrer os/as aspirantes para os efectos procedentes.

**4.3.-** O prazo de presentación de instancias será de 10 días, contados a partir do seguinte ao da publicación das bases no BOP de Lugo.

**4.4.-** As instancias presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Guitiriz ou nos lugares e forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP). Deberá de axuntarse a seguinte documentación:

- Copia D.N.I.
- Copia da titulación esixida
- Declaración xurada do aspirante + vida laboral actualizada
- ( Escanearanse os orixinais en rexistro, no caso de presentarse nas oficinas municipais)

**4.5.-** Os erros materiais ou de feito e os aritméticos que se puidesen advertir, poderanse rectificar en calquera momento, de oficio ou petición do interesado.

#### **5ª.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.**

**5.1.-** Rematado o prazo de presentación de instancias a Sra. Alcaldesa ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as xunto coas causas que motivaron a exclusión. O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos na base terceira. Esta resolución publicarase no Taboleiro de Edictos, na páxina web do Concello de Guitiriz e na sede electrónica do Concello de Guitiriz ([guitiriz.sedelectronica.gal](http://guitiriz.sedelectronica.gal)).

**5.2.-** Perante o prazo de 3 días, de conformidade co previsto no art. 68 da LPACAP poderanse corrixir os defectos aos que alude o mesmo e formular reclamación á lista provisional. De non presentala solicitude de rectificación ou reclamación no indicado prazo decaerá no seu dereito, sendo excluído/a definitivamente da lista de aspirantes.

**5.3.-** Se non se presentasen reclamacións, a lista provisional considerarase definitiva.

**5.4.-** No suposto de existir reclamacións, estas serán aceptadas ou rexeitadas na mesma resolución da Sra. Alcaldesa pola que se aprobe a lista definitiva dos admitidos/as e excluídos/as e a composición do Tribunal do proceso selectivo, que se fará pública na mesma forma exposta con anterioridade.

#### **6ª.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

**6.1.-** O Tribunal Cualificador, estará constituído da seguinte forma:

Presidente/a: O persoal funcionario da Corporación ou no caso de que non sexa posible ,doutra administración local designados pola Alcaldía.

Secretaria/o: O secretario da Corporación ou funcionario da Corporación que lle substitúa, ou no caso de que non sexa posible ,doutra administración local designados pola Alcaldía.

Vogais: Tres vogais persoal funcionario da administración local designados/as pola Alcaldía

Os membros do tribunal deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores aos esixidos para o acceso ao posto convocado.

**6.2.-** Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo, as persoas interesadas poderán promover a recusación de acordo co artigo 24 da norma.

**6.3.-** O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros.

**6.4.-** O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a valoración dos méritos, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do concurso-oposición en todo o que non estea previsto nas Bases.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e forma da LPACAP.

**6.5.-** O Tribunal poderá dispoñer da incorporación ós seus traballos de asesores especialistas cando as circunstancias ou a valoración dos méritos así o aconselle.

**6.6.-** A Resolución que conteña a composición do Tribunal e a data, hora e lugar en que se procederá á realización do primeiro exercicio da fase de oposición, publicarase no Taboleiro de Edictos, na páxina web do Concello de Guitiriz, e na sede electrónica do Concello de Guitiriz ([guitiriz.sedelectronica.gal](http://guitiriz.sedelectronica.gal)).

## 7ª.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN.

O procedemento de selección será o de concurso-oposición libre e consistirá na realización dunha primeira fase de concurso e dunha segunda fase de oposición, cun exercicio composto de unha proba práctica e unha proba de coñecemento de galego.

A puntuación total de cada aspirante virá determinada pola suma dos puntos acadados na fase de concurso e na fase de oposición, cun total de entre 0 e 100 puntos.

### 7.1. Fase de concurso (puntuación máximo de 30 puntos)

A fase de concurso, na que se poderá acadar entre 0 e 30 puntos, consistirá na valoración dos seguintes méritos:

#### A) *Experiencia profesional (puntuación máxima de 20 puntos)*

Por cada mes completo de servizos prestados en calquera Administración pública ou empresa privada no mesmo posto de traballo ao que aspira: 0,25 puntos.

En caso de contratación a tempo parcial valoraranse os servizos prestados de forma proporcional.

Para acreditar a experiencia laboral será necesario presentar informe da vida laboral e certificado ou documento que acredite de maneira irrefutable os servizos prestados, no que deberá constar a especialidade e categoría profesional, e data de inicio e finalización.

#### B) *Formación (puntuación máxima de 10 puntos)*

Valoraranse os títulos e cursos de formación e perfeccionamento recibidos relacionados coas funcións a desenvolver, impartidos por organismos ou institucións oficiais dependentes das Administracións públicas ou homologados por estas, sempre que non sexan requisitos da base terceira das presentes bases, do seguinte xeito:

- Cursos de formación especializados en axenda urbana, e plans de recuperación, transformación e resiliencia; programas de impulso á rehabilitación de edificios (PIREP), obras de rehabilitación de eficiencia enerxética, etc: 0,2 puntos por cada 10 horas lectivas
- Cursos de formación relacionada co posto ó que aspira: 0,1 puntos por cada 10 horas de formación.

Non se valorarán os cursos ou estudos que non especifiquen o número de horas realizadas polos/as aspirantes, nin aqueles que teñan unha antigüidade superior a 10 anos. (anteriores a 2012)

### 7.2. Fase de oposición (puntuación máxima de 70 puntos)

Consistirá na realización dun exercicio tipo test e unha proba de coñecemento de galego (que se realizarán na mesma sesión)

#### A).- EXAME TIPO TEST:

##### **Este exercicio será obrigatorio e eliminatorio**

Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 50 preguntas + 5 preguntas de reserva con 4 respostas alternativas das que só unha será correcta, referidas ao contido dos postos de traballo.

O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 90 minutos.

O exame cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superar a proba. As respostas correctas valoraranse cada unha con 0,2 puntos. As non contestadas ou contestadas incorrectamente non penalizarán.

**B) PROBA DE COÑECEMENTO DE GALEGO:** Consistirá na tradución dun texto de contido administrativo de castelán ao galego nun tempo máximo de 30 minutos.

Terá carácter obrigatorio e eliminatorio para aqueles aspirantes que non acrediten antes da súa realización estar en posesión do título: CELGA 4, ou equivalente,

O exercicio será cualificado de apto ou non apto, sendo eliminados aqueles aspirantes que non sexan declarados aptos.

## 8ª.- RESOLUCIÓN DO PROCESO SELECTIVO.

### 8.1.- Celebración da fase de concurso.

Unha vez efectuada polo Tribunal a valoración dos méritos publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello a puntuación obtida na fase do concurso, a efectos de posibles reclamacións durante un prazo de tres días hábiles.

As reclamacións, no caso de existir, serán resoltas polo Tribunal.

## 8.2.- Celebración da fase de oposición e lista de aprobados.

Os aspirantes do proceso selectivo:

- Actuarán seguindo a orde alfabética do primeiro apelido. Os aspirantes que desexen facer valer o dereito establecido no artigo 13. c) da Lei 39/2015, do 1 de Outubro, deberán facelo constar expresamente na solicitude.
- Serán convocados para o exercicio en chamamento único, sendo excluído/a do proceso selectivo quen non compareza. O Secretario do Tribunal fará un chamamento a viva voz por tres veces e declarará decaído no seu dereito ao aspirante que non compareza para a realización do exercicio, que quedará excluído do proceso selectivo. Unha vez concluído o chamamento para a realización da proba non se permitirá o acceso de ningún aspirante á sala na que aquela teña lugar. Tampouco se permitirá a incorporación de ningún aspirante unha vez que se iniciaron as probas selectivas.
- Deberán acudir á realización da sesión da fase de oposición provistos/as do seu documento de identidade, que deberán ter en todo momento a disposición de calquera membro do Tribunal que o solicite durante a realización das probas.  
Rematada a fase de oposición, o Tribunal publicará a lista provisional de aprobados/as e outorgará un prazo para presentación de reclamacións. A lista publicarase no taboleiro de edictos e na paxina web ou na sede electrónica municipais.

Transcorrido o prazo serán resoltas, no seu caso, as alegacións presentadas publicándose polo Tribunal a lista definitiva de aspirantes aprobados por orde da puntuación obtida, coa indicación da puntuación acadada en cada fase do proceso selectivo e nas dúas partes da fase de oposición. A lista publicarase no taboleiro de edictos e na paxina web ou na sede electrónica municipais.

## 8.3.-Resolución do proceso e nomeamento de persoal funcionario.

O Tribunal elevará a proposta, ademais da acta da derradeira sesión, á Sra. Alcadesa para que proceda á resolución do expediente de selección de persoal e o nomeamento como persoal funcionario.

O Tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron a selección un número superior de aspirantes ao do posto convocado. Calquera proposta de aprobados que contraveña ó anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

En caso de empate na puntuación total, terá prioridade a persoa candidata que obtivese maior puntuación na fase de oposición e, de persistir este, quen acredite maior experiencia profesional. Se persistira o empate decidirase por sorteo público.

## 8.4.- Bolsa de emprego.

Os/As aspirantes que superasen todos os exercicios e non ocupen o posto de traballo pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo cunha duración de 9 meses de xeito que se o Concello precisase realizar algunha substitución acudirá a dita bolsa seguindo a orde establecida.

## 9ª.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

9.1.- O aspirantes seleccionados en primeiro lugar, no prazo de 3 días contados dende o día seguinte a aquel no que se fixese pública a lista de aprobados, deberá presentar na secretaría do Concello de Guitiriz, os seguintes documentos, agás os que xa obren no expediente:

- a) Copia autenticada, ou fotocopia que deberá presentarse co orixinal para a súa compulsa, do D.N.I.
- b) Copia autenticada, ou fotocopia que deberá presentarse acompañada do orixinal para a súa compulsa, do título esixido na convocatoria.
- c) Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións do posto de traballo.
- d) Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non ter sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo ás Administracións Públicas, nin se atopar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.
- e) Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non atoparse incurso/a en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.

9.2.- Os que tivesen a condición de funcionarios públicos ou persoal laboral, estarán exentos de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa amosados para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar certificación da administración da que dependeran para acreditar tal condición.

9.3.- Os que dentro do prazo sinalado, agás nos casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida, non poderán ser contratados/as ou nomeados/as, sen prexuízo da responsabilidade en que puideran incurrir por falsidade dimanante da solicitude para participar na oposición.

**10ª. PUBLICIDADE.**

As presentes bases serán publicadas no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios, na páxina web do Concello de Guitiriz, e na sede electrónica do Concello de Guitiriz (guitiriz.sedelectronica.gal). Tamén serán enviadas á Deputación de Lugo para que sexan publicadas na páxina web da Deputación Provincial de Lugo de conformidade co disposto na base 7.2 das bases reguladoras do Plan Provincial único de cooperación cos Concellos 2021 da Deputación Provincial de Lugo para a execución de obras, servizos e emprego ao abeiro do programa de FOMENTO DO EMPREGO. No mesmo sentido, comunicaranse ao servizo de emprego da Deputación de Lugo para a súa difusión en cumprimento das citadas bases.

**11ª.- INCIDENCIAS E LEXISLACION APLICABLE.**

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presentaren e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo canto non estea previsto nestas bases. No non previsto nas bases serán de aplicación ás probas selectivas as seguintes disposicións:

- No artigo 15 do Texto Refundido do Estatuto dos traballadores aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto Refundido do Estatuto dos Traballadores.
- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto legislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas).
- Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia.
- Texto refundido da Lei de igualdade das mulleres de Galicia.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.
- Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.
- Lei 53/1984, 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo esta contratación rexeráse polo establecido no Plan Único de cooperación cos concellos da Deputación Provincial de Lugo para a execución de obras, servizos e emprego ao abeiro do programa de Fomento do Emprego.

**12ª.- NORMA FINAL**

As presentes bases, así como cantas actos administrativos se deriven dela e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida na LPACAP.



## ANEXO I

## SOLICITUDE DE PARTICIPACION NA SELECCIÓN DE PERSOAL TEMPORAL PARA O PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2022

<b>1.- POSTO DE TRABALLO AO QUE ASPIRA:</b>		
<b>2.- DATOS PERSOAIS:</b>		
..... <b>PRIMEIRO APELIDO</b>	..... <b>SEGUNDO APELIDO</b>	..... <b>NOME</b>
..... <b>DATA NACEMENTO</b>	..... <b>LUGAR NACEMENTO</b>	..... <b>PROVINCIA NACEMENTO</b>
..... <b>DNI</b>	..... <b>DOMICILIO</b>	..... <b>TELEFONO</b>
..... <b>MUNICIPIO</b>	..... <b>PROVINCIA</b>	..... <b>CÓDIGO POSTAL</b>
<b>3.-A CUBRIR POR PERSOAS CON DISCAPACIDADE (medidas de adaptación solicitadas):</b>		
<b>4.-DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA.-</b>		
A. Fotocopia do DNI.		
B. Fotocopia da titulación esixida.		
C. Acreditación da condición de desemprego ou mellora de emprego.		
D. No seu caso, demais requisitos específicos esixidos na base 3.1 da convocatoria.		

A persoa abaixo asinante SOLICITA ser admitido/a ao proceso selectivo publicado BOP de Lugo a que se refire a presente instancia, e declara que son certos os datos obrantes nela, e que reúne os requisitos xerais e específicos do posto ao que aspira esixidos na base terceira das bases da convocatoria, que declara coñecer, comprometéndose a probar documentalmente calquera dato que lle requira o Concello.

En ..... a..... de ..... de 2021

Sinatura

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE GUIRITIZ

**ANEXO II - TEMARIO EJERCICIOS ARQUITECTO****PARTE XERAL, MATERIAS COMÚNS.**

- 1.-A Constitución Española de 1978. Estrutura e principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois. A súa garantía e suspensión. O Tribunal Constitucional: composición e funcións. A reforma da Constitución.
- 2.- A Organización do Estado na Constitución: organización institucional ou política e organización territorial. O Estatuto de Autonomía de Galicia. A Coroa. As Cortes Xerais: referencia ao Defensor do Pobo e ao Tribunal de Contas.
- 3.- O Goberno e a Administración. Relacións do Goberno coas Cortes Xerais. O Poder Xudicial: principios constitucionais. O Consello Xeral do Poder Xudicial. O Ministerio Fiscal.
- 4.- O ordenamento xurídico-administrativo (I): A Constitución. As Leis estatais e autonómicas. Tipos de disposicións legais. Os Tratados Internacionais.
- 5.- O ordenamento xurídico-administrativo (II). O regulamento: Concepto e clases. A potestade regulamentaria. Procedemento de elaboración. Límites. O control da potestade regulamentaria.
- 6.- O administrado versus cidadán: Concepto e clases. A capacidade dos cidadáns e as súas causas modificativas. O Estatuto do cidadán: Dereitos subxectivos e intereses lexítimos, diferenzas entre ambos os conceptos e obrigacións.
- 7.- O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. Requisitos: A motivación e forma.
- 8.-A eficacia dos actos administrativos: O principio de autotutela declarativa. Condicións. A notificación: Contido, prazo e práctica. A notificación defectuosa. A publicación. A aprobación por outra Administración. A demora e retroactividade da eficacia.
- 9.-A invalidez do acto administrativo. Supostos de nulidade de pleno dereito e anulabilidade. O principio de conservación do acto administrativo. A revisión de actos e disposicións pola propia Administración: Supostos. A acción de nulidade, procedemento, límites. A declaración de lesividade. A revogación de actos. A rectificación de erros materiais ou de feito.
- 10.-Disposicións xerais sobre os procedementos administrativos e normas reguladoras dos distintos procedementos. A iniciación do procedemento: Clases, subsanación e mellora de solicitudes. Presentación de solicitudes, escritos e comunicacións. Os rexistros administrativos. Termos e prazos: Cómputo, ampliación e tramitación de urxencia. Ordenación. Instrución: Intervención dos interesados, proba e informes.
- 11.-Terminación do procedemento. A obrigación de resolver. Contido da resolución expresa: Principios de congruencia e de non agravación da situación inicial. A terminación convencional. A falta de resolución expresa: O réxime do silencio administrativo. O desestímulo e a renuncia. A caducidade.
- 12.-Recursos administrativos: Principios xerais. Actos susceptibles de recurso administrativo. Regras xerais de tramitación dos recursos administrativos. Clases de recursos. As reclamacións administrativas previas ao exercicio de accións civís e laborais. Procedementos substitutivos dos recursos administrativos: Conciliación, mediación e arbitraje.
- 13.-A potestade sancionadora: Concepto e significado. Principios do exercicio da potestade sancionadora. O procedemento sancionador e as súas garantías. Medidas sancionadoras administrativas. Especial referencia á potestade sancionadora local.
- 14.- Os contratos do sector público: As Directivas Europeas en materia de contratación pública. Obxecto e ámbito da Lei de Contratos do Sector Público. Tipos de contratos do Sector Público. Contratos suxeitos a regulación harmonizada. Réxime xurídico dos contratos administrativos e os de dereito privado; os actos separables. Os principios xerais da contratación do sector público: Racionalidade, liberdade de pactos e contido mínimo, perfección e forma, o réxime de invalidez dos contratos e o recurso especial en materia de contratación. As partes nos contratos do sector público. Os órganos de sucesión do contratista.
- 15.-Preparación dos contratos polas Administracións Públicas. O prezo, o valor estimado. A revisión de prezos. Garantías na contratación do sector público. Clases de expedientes de contratación. Procedementos e formas de adxudicación dos contratos. Criterios de adxudicación. Perfeccionamento e formalización dos contratos administrativos.
- 16.- Execución e modificación dos contratos administrativos. Prerrogativas da Administración. Extinción. A cesión dos contratos e a subcontratación.
- 17.- A expropiación forzosa. Suxeitos, obxecto e causa. O procedemento xeral. Garantías xurisdiccionais. A reversión expropiatoria. Tramitación de urxencia. Procedementos especiais.
- 18.- A responsabilidade da Administración pública: Carácter. Os orzamentos da responsabilidade. Danos resarcibles. A acción e o procedemento administrativo en materia de responsabilidade: Procedemento xeral e procedemento abreviado. A responsabilidade patrimonial das autoridades e persoal ao servizo das Administracións públicas.

19.- O Municipio: Concepto e elementos. O termo municipal: O problema da planta municipal. Alteracións de termos municipais. Lexislación básica e lexislación autonómica. A poboación municipal. O Padrón de habitantes. O estatuto dos veciños. Dereitos dos estranxeiros.

20.-A organización municipal. Órganos necesarios: Alcalde, Tenentes de Alcalde, Pleno e Xunta de Goberno Local. Órganos complementarios: Comisións Informativas e outros órganos. Os grupos políticos e os concelleiros non adscritos. A participación veciñal na xestión municipal. O concello aberto. Outros réximes especiais. Especialidades do réxime orgánico-funcional nos municipios de gran poboación.

21.-As competencias municipais: Sistema de determinación. Competencias propias, delegadas e competencias distintas das propias. A sostibilidade financeira da facenda local como presuposto do exercicio das competencias. Os convenios sobre exercicio de competencias e servizos municipais. Os servizos mínimos.

#### **PARTE ESPECIAL. MATERIAS ESPECÍFICAS.**

1. Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana: Disposicións xerais. Condicións básicas da igualdade nos dereitos e deberes constitucionais

da cidadanía.

2. Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana: Bases do réxime do solo, regras procedementais comúns e normas civís.

3. Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana: O Informe de Avaliación dos Edifícios. Valoracións. Expropiación forzosa e responsabilidade patrimonial.

4. Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana: Función social da propiedade e xestión do solo.

5. Real Decreto 1492/2011, do 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da Lei do Solo.

6. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia: A organización administrativa do urbanismo: Principios xerais. Competencias e organización administrativa.

7. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia: Réxime urbanístico do solo. Réxime das distintas clases e categorías de solo:

Solo urbano. Núcleos rurais. Solo urbanizable. Solo rústico. Edificacións tradicionais.

8. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia: Disposicións xerais sobre o planeamento: límites de sustentabilidade e calidade de vida e cohesión social. División do solo urbano e urbanizable. Instrumentos de planeamento urbanístico. Disposicións comúns na elaboración de instrumentos de plan urbanístico. Suspensión de licenzas. Normas técnicas de planeamento. Plan básico autonómico.

9. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia: O Plan xeral de ordenación municipal: Disposicións xerais. Documentación. Procedemento para a aprobación do plan xeral de ordenación municipal. Planeamento de desenvolvemento do Plan básico autonómico. Procedementos de aprobación dos plans básicos municipais.

10. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia: Planeamento de desenvolvemento dos plans xerais de ordenación municipal: Disposicións comúns. Os plans parciais e especiais, documentación, procedemento de tramitación e aprobación.

11. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia: Ordenación urbanística que afecte a varios municipios. Vixencia e modificación dos instrumentos de planeamento urbanístico. Efectos da aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico. Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

12. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia: Normas de aplicación directa: Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe. Protección das vías de circulación.

13. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia: Execución do plan urbanístico. Disposicións xerais. Áreas de repartición. Polígonos de execución. Actuacións illadas. Regras xerais para a equidistribución.

14. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia: Sistemas de actuación. Obtención de terreos de sistemas xerais e locais.
15. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia: Fomento da edificación, conservación e rehabilitación.
16. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia: Intervención na edificación e uso do solo. Disciplina urbanística.
17. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Disposicións transitorias. Réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado. Réxime de autorizacións e licenzas outorgadas en solo rústico. Réxime aplicable ás explotacións e instalacións de apoio á actividade agropecuaria e forestal existentes.
18. Lei 1/2021, do 08 de xaneiro, de Ordenación do Territorio de Galicia.
19. Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as directrices de ordenación do territorio.
20. Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación.
21. Real Decreto 1000/2010, do 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio.
22. Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.
23. Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Real decreto 1098/2001, do 12 outubro: Contrato de obra: Actuacións preparatorias. Proxectos de obra: contido. Supervisión e replanteo do proxecto. Execución do contrato de obra: comprobación de replanteo, medicións de obra, certificacións de obra, pago do prezo.
24. Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Real decreto 1098/2001, do 12 outubro: Modificación do contrato de obra. Excesos de medición. Extinción por cumprimento: acta de recepción, ocupación de obra, certificación final, liquidación do contrato e Prazo de garantía. Extinción por incumprimento: resolución do contrato de obra e efectos.
25. Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación.
26. Seguridade en caso de incendios na edificación. DB-SI.
27. Seguridade de utilización na edificación. Exixencias básicas SUA1 a SUA 8.
28. Accesibilidade. Esixencia básica SUA 9.
29. Real Decreto 235/2013, do 5 de abril, polo que se aproba o procedemento básico para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios.
30. Decreto 128/2016, do 25 de agosto, polo que se regula a certificación enerxética de edificios na Comunidade Autónoma de Galicia.
31. Real Decreto 505/2007, do 20 de abril, polo que se aproban as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados e edificacións.
32. Orde VIV/561/2010, do 1 de febreiro, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados.
33. Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade. Obxecto, principios e definicións. Condicións de accesibilidade para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados. Características dos elementos de urbanización. Disposicións sobre accesibilidade na edificación.
34. Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia. Disposicións preliminares. Disposicións sobre barreiras arquitectónicas urbanísticas. Disposicións sobre barreiras arquitectónicas da edificación.
35. Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico autonómico de Galicia. Disposicións Xerais e alcance das súas determinacións. Réxime de usos. Réxime das edificacións disconformes co planeamento.
36. O control de calidade na edificación. As entidades e laboratorios de control de calidade na edificación. Normativa autonómica.
37. Normativa de habitabilidade. Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

38. Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia. Disposicións xerais. A calidade nas vivendas. Do uso, mantemento e conservación das vivendas. A protección das persoas adquirentes e usuarias de vivenda. Licenza de primeira ocupación e declaración de obra nova.
39. Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia. As vivendas protexidas e outras actuacións protexidas.
40. Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia. A expropiación en materia de vivenda. Inspección e réxime sancionador en materia de vivenda.
41. Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se dispoñen as condicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.
42. Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.
43. Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
44. Lei 37/2015, do 29 de setembro, de estradas.
45. Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.
46. Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de Protección Ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia.
47. Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.
48. Real Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.
49. Lei 37/2003, do 17 de novembro, de ruído.
50. Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica en Galicia.
51. A regulación integrada do exercicio de actividades. Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e a competitividade económica de Galicia.
52. As obras destinadas ao desenvolvemento de actividades. Decreto 144/2016, do 22 de setembro, de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos: Disposicións xerais. Exercicio de actividades económicas e apertura de establecementos destinados ás mesmas.
53. Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e a competitividade económica de Galicia. Avaliación ambiental de actividades. Catálogo de actividades sometidas a incidencia ambiental.
54. Lei 10/2017, do 27 de xaneiro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia. Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia.
55. RDL 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas. RD 849/1986, de 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio Público Hidráulico, que desenvolve os Títulos Preliminar, I, IV, V, VI e VII da Lei 29/1985, de 2 de agosto, de Augas.
56. Instalacións de telecomunicacións. Disposicións sobre infraestruturas comúns nos edificios para acceso ós servizos de telecomunicacións. Real decreto Lei 1/1998 e Real decreto 346/2011, do 11 de marzo, polo que se aproba o Regulamento regulador das infraestruturas comúns de telecomunicacións para o acceso ós servizos de telecomunicación no interior das edificacións.
57. RD 1027/2007, de 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Instalacións Térmicas nos Edificios. Orde de 24 de febreiro de 2010 pola que se regula a aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia, do Regulamento de instalacións térmicas nos edificios aprobado polo RD 1027/2007, de 20 de xullo.
58. O concello de Guitiriz: territorio e poboación.
59. O Plan Xeral de Ordenación de Guitiriz: Disposicións xerais, réxime urbanístico da propiedade do solo. Desenvolvemento e execución do Plan Xeral instrumentos de desenvolvemento.
60. O Plan Xeral de Ordenación de Guitiriz. Ordenanzas xerais. Normas particulares dos sistemas xerais e calidade da urbanización do espazo público.
61. O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Guitiriz. Normas particulares nas distintas clasificacións de solo.
62. O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Guitiriz. Protección do Patrimonio Histórico-Artístico. Condicións específicas reguladoras do protección do patrimonio arqueolóxico.>>
- Guitiriz, 6 de abril de 2022.- A alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO POR INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AUGA E HIDROCARBUROS DO CONCELLO DE GUITIRIZ. Expte. 986/2021**

Aprobado inicialmente a "Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo aproveitamento especial do dominio público por instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos do Concello de Guitiriz" por acordo adoptado na sesión plenaria ordinaria de data 31/03/2022, e en cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, ábrese un período de 30 días contados a partir da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que calquera persoa física ou xurídica poida examinar o expediente na Secretaría deste Concello e formular as alegacións ou suxestións que consideren convenientes. Así mesmo comunícase que transcorrido o devandito prazo sen que se produciran alegacións, a ordenanza considerárase aprobada definitivamente.

Guitiriz, 4 de abril de 2022.- A alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 0814

**LUGO***Anuncio*

Por acordo da Xunta de Goberno Local do día 30 de marzo de 2022, aprobouse, entre outros, o procedemento de licitación para a **AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE POSTOS DE VENDA DE MERCADORÍAS NO ARDE LUCUS 2022 PRORROGABLE PARA OS ANOS 2023, 2024 E 2025. EXP. REF. 2022-C005-000006.**

Por medio deste anuncio dáse a coñecer a licitación conforme ás seguintes características:

**1.- Entidade adxudicadora.**

**a) Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

**b) Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación e Patrimonio.

**2.- Obxecto do contrato.**

**a) Descrición do obxecto:** Establecer as condicións para o outorgamento de autorización para instalar **cincuenta e sete (57) postos de venda de mercadorías** (non se permitirá a elaboración de comida) durante as festas de Arde Lucus 2022 nos espazos e superficies que se identifican no **PLANO anexo ás Bases Técnicas**, que levarán aparellada a autorización para esta instalación nos lugares habilitados para elo polo Concello.

Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre as Bases técnicas e o previsto nestas Bases administrativas, prevalecerá esta última.

**b) Prazo de duración:** Durante as festas do Arde Lucus 2022 prorrogables para os anos 2023, 2024 e 2025.

**3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.**

**a) Tramitación:** ordinaria.

**b) Procedemento:** aberto.

**4.- Tipo de licitación:** Os seguintes importes, en concepto de **taxas mínimas**, terán a consideración de prezo mínimo inicial de licitación, e que poderá ser incrementado por parte dos licitadores:

Parcela número	Metros posto (máis un metro de ancho)	Taxa mínima
42	10x3m. posto	105,60 euros
31	8x3 m. posto	84,48 euros
1- 2- 34- 39-53	6x3 m. posto	63,36 euros
3- 32- 46- 50- 55	5x3 m. posto	52,80 euros
4- 5- 20- 23- 24- 27- 30- 37- 40- 41- 47- 52- 54- 57	4x3 m. posto	42,24 euros
6- 7- 19- 21- 22- 33- 35- 36- 43- 44- 45- 49- 51-	3x3 m. posto	31,68 euros

56		
12- 17	4x2 m. posto	31,68 euros
8- 10- 13- 14- 15- 16- 18	3x2 m. posto	23,76 euros
25- 26- 28- 29- 38- 48	2x3 m. posto	21,12 euros
9- 11	2x2 m. posto	15,84 euros

**5.- Garantías:**

a) **Provisional:** Non se esixe.

b) **Definitiva:** Non se esixe.

**6. Obtención de documentación e información.**

a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197, 3ª planta.

c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Teléfonos:** (982) 29-71-43, 29-73-01, 29-71-44

e) **Dirección internet:**

([https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3Aabusqueda\\_licitacion\\_vis&ubicacionOrganica=ol2NrbYOV10%3D](https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3Aabusqueda_licitacion_vis&ubicacionOrganica=ol2NrbYOV10%3D).)

f) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

**7.- Requisitos específicos dos contratista.**

a) **Outros requisitos:** Os sinalados nas bases técnicas e administrativas.

**8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.**

a) **Data límite de presentación:** O prazo de presentación de proposicións será de QUINCE días hábiles contados dende a publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura nas cláusulas oitava e novena das bases administrativas.

c) **Lugar de presentación:**

1ª **Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro, ou enviadas na forma indicada no artigo 38 da LPACAP.

2ª **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.

3ª **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002.

**9.- Apertura das ofertas.**

a) **Entidade:** Concello de Lugo.

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta).

c) **Localidade:** Lugo.

d) **Data:** O acto público de apertura da documentación e oferta dos interesados celebrarase ó **terceiro día hábil** posterior ó remate do prazo de presentación ás 13:00 horas agás modificación publicada con antelación no perfil do contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo ou noutro rexistro distinto ao do Concello de Lugo.

No caso de que a apertura e exame da documentación se realice en día distinto ó sinalado anteriormente, os licitadores serán convocados mediante inserción da convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.

10.- **Outras informacións:** As que se recollen nas bases técnicas e administrativas.

Lugo, 5 de abril de 2022.- A TENENTA DE ALCALDESA DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMIA E RECURSOS HUMANOS, Mercedes Paula Alvarellos Fondo

R. 0815

---

## MONFORTE DE LEMOS

### *Anuncio*

Aprobado provisionalmente polo Concello en pleno, en sesión ordinaria do día 28.03.2022, o expediente de aprobación provisional da modificación da taxa pola recollida, tratamento e eliminación de lixo.

De conformidade co que dispón o artigo 17.2 do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, estará exposto ao público durante o prazo de trinta días hábiles, a contar dende o día seguinte da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, aos efectos de que os interesados poidan examinalo e, si cabe, presentar as oportunas reclamacións.

No caso de non presentarse ningunha reclamación, o acordo provisional considerárase elevado a definitivo e procederáse á publicación do texto íntegro das modificacións introducidas ao vixente.

Monforte de Lemos, 5 de abril de 2022.- O Alcalde, P.D Decreto de data 24.01.2022, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 0816

---

### *Anuncio*

Aprobado provisionalmente polo Concello en pleno, en sesión ordinaria do día 28.03.2022, o expediente de aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

De conformidade co que dispón o artigo 17.2 do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, estará exposto ao público durante o prazo de trinta días hábiles, a contar dende o día seguinte da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, aos efectos de que os interesados poidan examinalo e, si cabe, presentar as oportunas reclamacións.

No caso de non presentarse ningunha reclamación, o acordo provisional considerárase elevado a definitivo e procederáse á publicación do texto íntegro das modificacións introducidas ao vixente.

Monforte de Lemos, 5 abril de 2022.- O Alcalde, P.D Decreto de data 24.01.2022, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez

R. 0817

---

## PANTÓN

### *Anuncio*

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 5-2022 POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO.

O Pleno do Concello de Pantón, en sesión ordinaria que tivo lugar o día 16.03.2022, aprobou inicialmente o expediente nº 237/2022 de modificación de crédito 5-2022 do vixente Orzamento Municipal na súa modalidade de crédito extraordinario.

Sometido o acordo ao trámite de información pública e non presentándose alegacións dentro de prazo, elevouse automaticamente a definitivo o acordo inicial.

De conformidade co establecido no artigo 177.2, en concordancia co artigo 169.3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, insírese a continuación o resumo da modificación de créditos acordada:

1.- Aplicación do estado de gastos do Orzamento xeral municipal para o exercicio económico 2022, que é o prorrogado de 2021, ás que se dota de crédito extraordinario:



APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
161/753	Abastecemento domiciliario de auga potable	130.000,00 €
	Abastecemento de auga potable ás parroquias de San Vicente de Castellón, Santiago de Castellón e Santo Estevo do Mato	
	130.000,00 €	

2.- Medios ou recursos que van a financiar as modificacións de crédito:

Fináncianse con Remanente Líquido de Tesourería dispoñible, procedente do exercicio N-1, reflectido contablemente no concepto 870.00 (Remanente de Tesourería para gastos xerais) do presuposto de ingresos.

Contra o acordo de aprobación definitiva da modificación de crédito de referencia, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñerse alternativamente ou ben recurso de reposición potestativo ante o Pleno deste Concello, no prazo dun mes, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo; ou ben interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, ante Xulgado Contencioso Administrativo de Lugo no prazo de dous meses, a contar desde a precitada publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan interpoñer calquera outro recurso que puidesen estimar máis conveniente aos seus dereitos.

Pantón, 12 de abril de 2022.- O Alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 0790

## RIOTORTO

### Anuncio

A Xunta de Goberno Local deste Concello, aprobou as bases en sesión extraordinaria celebrada o día 05 de abril de 2022 que han de rexer no outorgamento de subvencións para o ano 2022.

**Obxecto:** O obxecto das subvencións é a realización de actividades culturais e deportivas, segundo a definición contida no artigo 9 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Riotorto, publicada no B.O.P. de 8 de marzo de 2007 e realizadas dende o 01/01/2022 ata o 30/11/2022.

**Requisitos que deben reunir os beneficiarios:** As persoas físicas ou xurídicas que realicen actividades de carácter cultural ou deportivo, así como as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos ou actividades ou se atopen na situación que motiva a concesión da subvención. Deberán ter o seu domicilio fiscal no concello de Riotorto.

**Partida presupostaria:** 334-480.

**Prazo de presentación de solicitudes:** As solicitudes de subvención deberanse presentar no RexistroXeral do Concello de Riotorto, no prazo de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Tamén poderán presentarse na forma establecida na Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**Modelo de solicitude:** Obrante na Secretaría Municipal.

**BOP de publicación da ordenanza xeral de subvención:** 8 de Marzo de 2007, 27 de Marzo de 2007 e 19 de Xaneiro de 2009.

Riotorto, 6 de abril de 2022.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 0818

**MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO**  
**CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL. O.A. COMISARÍA DE AUGAS**

*Anuncio*

Expediente: **A/27/31704**

De acordo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 7 de febrero de 2022 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Norvento Estelo SL Unipersonal, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,3 l/s de agua procedente de un pozo situado en el Parque Eólico Neda, en el lugar de Bozarrei, parroquia de Lagoa (San Xoán), en el término municipal de A Pastoriza (Lugo) para usos sanitarios.

Lugo, 1 de abril de 2022.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 0819